

## **RESOLUCIÓN. Convocatoria sesión extraordinaria Pleno.**

Visto o escrito presentado por D. Iago Varela Martínez, D<sup>a</sup>. Paula González Grueiro e D. Xosé Manuel Pérez Sardiña, con rexistro de entrada nº 2024-E-RE-976, de data 4 de xullo de 2024, no que solicitan a convocatoria dun pleno extraordinario.

De acordo co disposto no artigo 46.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, en relación co 78.2, 78.3, e 80.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, no uso das atribucións que me outorga o artigo 21.1.c) da Lei 7/1985 do 2 de abril en relación co artigo 61.1.c) da Lei 5/1997 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia,

### **RESOLVO:**

1º. Convocar sesión extraordinaria do Pleno da Corporación, a realizar o día 24 de xullo de 2024, ás 10:30 horas, no Salón de Sesións do Concello de Cabanas, motivada na solicitude realizada pola cuarta parte do número legal de membros da Corporación.

2º. Notifíquese a presente convocatoria a tódolos membros da Corporación.

3º. A orde do día constará dos seguintes asuntos:

1. Propostas sobre o Convenio regulador do persoal no Concello de Cabanas.
2. Propostas sobre humanización da N-651.
3. Propostas sobre ponte nova sobre o río Eume.
4. Propostas sobre restauración da area extraída das obras de saneamento na Madalena e retirada de escombros.
5. Propostas sobre gravación comisións e órganos colexiados.
6. Rogos e preguntas.

Acorda e asina dixitalmente o Alcalde, Fernando Couce Rodríguez, en Cabanas, na data que consta á marxe, do que eu, Irene Suárez López, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 do 16 de marzo).

